



a *Movida*

O futuro
da literatura
en xogo

AXENDA CULTURAL DE VIGO
DE BALDE - NOVIEMBRO - 2024

LÉVAME!
VOU CONTIGO

AMOVIDA.GAL



Programación Municipal de Artes Escénicas Auditorio Municipal do Concello de Vigo

Entradas á venda en: www.giglon.com e na **Librería Libros para soñar** (Rúa Triunfo, 1, baixo-Vigo).

PÚBLICO ADULTO | ás 20:00h



SARABELA TEATRO
O dragón de ouro
teatro contemporáneo

Venres 1



Entradas esgotadas

TALÍA TEATRO
Unha inimiga do pobo
teatro drama

Venres 8



REDRUM TEATRO
Hamelin
drama

Venres 15



DE STE XEITO PRODUCCIÓN
Feminissimas
comedia violeta

Venres 22



TEATRO DO NOROESTE
Último verán en Santa Cristina
teatro drama

Venres 29



VERDEVERAS EXPRESIÓNS ARTÍSTICAS
As formas do amor
teatro

Sábado 2



BUTACAZERO
O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada
teatro-monólogo

Sábado 9



TROPONONTROPPO
A noite xusto antes dos bosques de Bernard-Marie Koltès
teatro

Sábado 16



Entradas esgotadas

FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA
CEIBE
danza

Sábado 23



PAULA PIER
EU, FRAUDE!
teatro, música,
poesía e festa

Sábado 30

PÚBLICO FAMILAR | ás 18:00h



CÍA LA SINCRÓ
OHLimpiadas
novo circo

Domingo 3



Entradas esgotadas

TROPOS, TEATRO DE TÍTERES
La ratita presumida
teatro con monicreques

Domingo 17



Entradas esgotadas


ZIG ZAG DANZA
Mimesis
danza contemporánea
para a primeira infancia
Domingo 10. Funcións:
12:00, 16:30 e 18:00 h.



ELEFANTE ELEGANTE
KYOKI
teatro xestual



Domingo 24






SUMARIO

Cada elemento do sumario leva á súa páxina correspondente.




BOTÓNS

Localizados nos bordos das páxinas, preme os botóns para ampliar a información, comprar entradas, ver contido audiovisual, volver ao sumario...




ZONAS INTERACTIVAS

Navega polas páxinas na procura das zonas interactivas (fotografías, biografías dos colaboradores, páxinas web, iconas de redes sociais, logotipos...).




BARRA SUPERIOR

Sempre vas poder volver ao inicio dun contido de varias páxinas premendo na barra superior.



LIGAZÓNS

Para máis información, preme nas ligazóns dos termos subliñados en vermello.




PÁX. 7
LEDICIA COSTAS



PÁX. 11
SABOR A CHORROS



PÁX. 17
**MUSICAV,
UN CÓCTEL SONORO
IDEAL PARA O OUTONO**



PÁX. 23
**NEONIA, LUCES
DA CIDADE INVICTA**

- 5 OS OLLOS DAS CRIANZAS**
- 6 OLLO AO DATO**
- 6 O SABOR DO PAN**
- 9 O FUTURO DA LITERATURA EN XOGO**
- 12 A COCIÑAR: COCIDO GALEGO**
- 13 IMPERDIBLES**
- 13 PEQUENOS GRANDES LECTORES**
- 14 OUTRAS MOVIDAS**
- 15 LOCAIS RECOMENDADOS**
- 19 MÚSICA AO VIVO**
- 21 DELEITE LITERARIO**
- 22 TRADICIÓN E MODERNIDADE**
- 25 AXENDA MOVIDIÑA**
- 26 MONKEY PARK, XOGOS SALVAXES**
- 27 COCIÑA DE AUTORA EN TUI**
- 28 AS TÚAS MOVIDAS**

Subscríbete ao boletín de WhatsApp: [644 37 29 23](https://www.whatsapp.com/business/contact?phone=34644372923) 

Se queres recibir a revista na casa e apoiar a cultura en Vigo, subscríbete na web: amovida.gal/subscripcion-revista

MOVÉMONOS POLA CULTURA EN VIGO



Revista **A Movid**a → Volume 7 (9), novembro de 2024 [61]

Edición: Tamara Novoa → **Redacción:** Paula Cermeño, Tensi Gesteira, Estela Gómez, Xurxo Martínez González, Eva Mejuto, Pablo Vázquez Varela → **Fotografía:** Paula Cermeño e Pablo Vázquez → **Deseño e maquetaxe:** Rubén González
→ **Deseño web:** Beatriz Barros → **Mercadotecnia:** Cecilia Vázquez → **Revisión de textos:** Uxío Couto

Edita: A Movid Cultural S.L.

Impreso por Imprenta Feito S.L. → Depósito legal: VG 741-2018 → Exemplar gratuíto. Prohibida a súa venda

   [@amovidavigo](https://www.instagram.com/amovidavigo) → amovida.gal



OS OLLOS DAS CRIANZAS

Facer cultura para crianzas é algo moi serio: programar, escribir, ilustrar, editar, facer teatro, música, danza, xogos... Nin vale todo nin todo vale. Non se trata de facer «aparcadoiros» de nenos e nenas, para telas «entretidas» con calquera cousa que poña «infantil». Elaborar e programar contidos para peques implica coñecer o seu universo, intereses, particularidades, tratalos e tratalas con intelixencia e respecto, como iguais. Pór os ollos á súa altura é entender o asombro e a curiosidade coa que as cativas miran o mundo, non darlles todo mastigado, provocar, estimular, xogar coa imaxinación e o humor como unha actitude vital. Quen puidera manter ao longo dos anos esa rebeldía, ilusión e abraio... Un don que poucas persoas adultas conservan. Se tivese que nomear alguén así sería sen dúbida ao **Hematocrítico**. E malia que hai case un ano que nos deixou, temos o seu ollar de neno na súa obra, que vai durar sempre. E tamén a oportunidade de lembralo no HematoFesti, con actividades para peques de todas as idades, feitas con amor e humor por toda a xente que o queríamos e admirabamos. A mellor maneira de honralo é poñendo ollos de crianza, xuntármonos e gozar na súa memoria. Grazas, **Ledicia**, por esta iniciativa, da que moitas institucións deberían aprender.



Eva Mejuto

Escritora e xestora cultural

VOLVEN AS VISITAS TEATRAIS ao cemiterio de Pereiró polo mes de santos. Personaxes ilustres como **Concepción Arenal**, **Irene de Ceballos** ou a **Marquesa de Valadares** fan de guías por este camposanto ao longo da historia.



UNHA NOVA OPORTUNIDADE PARA GOZAR DA SÉTIMA ARTE a prezo reducido grazas á nova edición da Festa do Cine, con entradas a 3,50 euros en tres salas comerciais da cidade, do luns 4 ao xoves 7.

A GRAN RECOLLIDA DO BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO prográbase para o venres 22 e o sábado 23 coa intención de reunir 325.000 quilos de comida para xente que o necesite. As persoas interesadas en inscribirse como voluntarias pódeno facer a través da web bancoalimentosvigo.org.

por Xurxo Martínez González

O SABOR DO PAN

O sabor do pan vale un universo, que é como dicir o infinito. A textura dun bocado no ceo da boca desfaiase na memoria da lingua, na lembranza infantil. Aquel intre previo ao xantar no cal se apaña un anaco pra acougar a fame e xa non sabemos parar. O pan é sagrado. Nada máis preciso na alimentación nin nada máis evocador. Unha peza de pan tráena os pícaros ao nacer como síntoma de fortuna. Ninguén no mundo debera pasar un só día sen levar un cacho á boca. A fame no mundo é o máis vergoñento pecado da humanidade.

No Vigo dun século atrás especulaban co pan, igual que hoxe fan coa vivenda. Xogan coas vidas coma se for un chinchimoni. Perderon o corazón porque nós cedemos na razón. O canteiro **Araújo** e o tipógrafo **Botana et alii** crearon en 1908 a Cooperativa Socialista Obrera de Vigo. Abriron locais en García Barbón, Pi i Margall e Urzaiz con pan a prezo xusto. Pan tamén pras familias máis humildes que se axudan nunha época sen protección social do estado. O cooperativismo logrou novos servizos: subsidios por doenza e defunción, ultramarinos, protección ás mulleres paridas, servizos médicos... **Nicolás Paz** foi un deses médicos de especial recordo. Canda **Waldo Gil** —fusilado no 36— abriu a primeira consulta con raios X en Vigo.

Na Cooperativa miro mulleres amasar o pan, coas mans na arteza, cantaruxando e **Wermeer** quer facelas eternas nun lenzo porque eterno é o sabor dun bocado de pan. Aquí e sempre.



Ledicia Costas

Escritora

«O HUMOR E A INFANCIA MOVEN O MUNDO»

HAI UN ANO A VIDA GOLPEABA *duramente a Ledicia Costas Álvarez (Vigo, 1979) coa repentina morte da súa parella, o escritor coruñés Miguel Ángel López González, coñecido como O Hematocrítico. En contraste con isto, a tamén escritora atravesa un dos seus mellores momentos profesionais, e sorprendeu a todo o mundo coa creación do HematoFesti, un evento dedicado aos dous motores da vida de Miguel: a literatura infantil e o humor.*

En que momento decidiches renderlle homenaxe ao Hematocrítico cun festival?

Todo naceu a fío dunha viaxe que fixemos Hemato e mais eu canda **Alberto Vázquez** a un festival italiano de literatura infantil e ilustración que se chama Tuttestorie. É bonito darlle á sociedade parte do que un vai recollendo, así que volvemos de Italia coa idea de organizar un festival de literatura infantil en Vigo. Que pasou? Que Hemato morreu. Entón había dúas opcións: non facer nada ou reformulalo.

Argallastes toda esta programación contra o reloxo. Como o conseguistes?

Temos un equipo humano extraordinario. **Llerena** e **Matilde** son os pulmóns deste festival, agarraron a produción do evento e puxérono a andar. Pero somos un equipo grande, tamén están **Noel Ceballos** e **Nus Cuevas**, que son os que levan o apartado do humor. Xuntámonos un grupo de xente que tiñamos en común a Miguel e que conformamos unha rede de amizade. Así foi como se conseguíu.

No cartel atopamos nomes moi senlleiros, con axendas comprometidísimas, como

Amaral, Berto Romero ou La Ruina. Como xurdiron estas colaboracións?

É que **Berto** era amigo de Miguel. Hemato estivo no show *La Ruina* hai dous anos. Atopeime con **Juan Aguirre**, de Amaral, nun tren de Ourense a Madrid e puxémonos a falar; comenteille o que estabamos organizando e el díxome que eles tiñan que estar. Foi así con todo o mundo, era algo que non había que pedir, comentáballo e a xente sumábase automaticamente.

Como conseguistes conxugar humor e literatura infantil nun festival?

Se o pensas ben, o gran motor da literatura infantil é o humor. Para min, o humor é o pegamento para todo, e poñendo a figura de Miguel no centro é moi sinxelo defender isto. É un autor con cincuenta obras de literatura infantil publicadas e o humor era un dos piares da súa vida.

Pensas que literatura infantil e o humor son dúas categorías a menosprezadas polo status quo cultural?

Totalmente. Aos escritores que facemos literatura infantil adoitan mirarnos por riba do ombro e parece que a xente que fai humor nunca se acaba de tomar en serio. Pero tanto o humor como a literatura infantil forman parte do *mainstream*, polo que para min a idea resultaba moi atractiva. Como se poden ter por «categorías menores» cando o humor e a infancia moven o mundo?

Para acceder á entrevista completa en amovida.gal,
cómprate escanear o código QR.



**«No dó abraceime
máis que nunca
ás ganas de crear»**

**«Esta cidade merecía
algo como este festival»**





O futuro da literatura en xogo

A PARELLA DE ESCRITORES formada por **Ledicia Costas** e **Miguel López** e mais o debuxante e director de cine **Alberto Vázquez**, amigos e compañeiros de traballo, foron convidados en outubro de 2023 ao festival de literatura infantil Tuttestorie, que ten lugar en Cagliari, na illa italiana de Sardeña. Volveron daquela visita cunha idea común: «Sería marabilloso facer algo así en Galicia», explica Alberto. O proxecto viuse truncado en novembro polo inesperado falecemento de Miguel, coñecido popularmente como **O Hematocrítico**. Porén, os seus dous compañeiros decidiron retomar a idea. «Parécenos a mellor homenaxe que lle podemos facer a Miguel: crear un espazo con arte, videoxogos, literatura e humor no que dar continuidade ás súas ideas e libros», explica Vázquez, ilustrador de sete dos libros do seu finado amigo.

«**E**ra unha persoa tan sociable e luminosa que todo o mundo se quixo apuntar a esta homenaxe sen condicións económicas»

*Alberto Vázquez,
co-director do festival*

O HematoFesti, que se celebra na nosa cidade do mércores 6 ao domingo 10 deste mes de santos, rende tributo a unha figura de referencia no ámbito da literatura infantil e o humor dos últimos anos. A capacidade de Miguel para conectar cos máis pequenos a través de historias como *O lobo con botas* ou *Lendas do recreo* e o seu enxeño en medios dixitais como o blog



El Hematocrítico de Arte —ao que lle debe o alcume— e o seu perfil na rede social X (antes Twitter), convertérono nun autor admirado por varias xeracións. O programa é unha amálgama única de cousas que motivaban ao autor coruñés (humor, literatura infantil, música e videoxogos, principalmente) levada a cabo por unha ilustradísima lexión de amigos e →



Miguel López, O Hematocritico

admiradores. «Era unha persoa tan sociable e luminosa que todo o mundo se quixo apuntar a esta homenaxe sen condicións económicas», explica o tamén coruñés Alberto, aínda sorprendido por conseguir xuntar neste evento medio cento de artistas, unha selección de luxo con nomes como **Amaral, Berto Romero, Lucía Aldao, Nacho Vigalondo** ou **Paco Roca**.

«**O que máis valoro do HematoFesti é que pon a infancia no centro, considerándoa un público de calidade que merece todo o respecto**»

*Eva Mejuto,
escritora*



Escanea o código QR para acceder á reportaxe completa en amovida.gal

GRANDES LECTORES

A infancia é o período da vida en que máis se enche o tempo libre con literatura. En Galicia, o 86 % dos estudantes de primaria son lectores habituais, fronte ao 64,1 % dos adultos, e son os primeiros os que sosteñen, en grande medida, a produción de libros en galego. Así o recolle o último baremo de lectura elaborado pola Federación de Gremios de Editores de España (FGEE).


Pese a isto, o escritor **Diego Arboleda** sente que os autores de literatura infantil teñen que facer un labor de activismo para conseguir espazo en eventos e medios de comunicación, polo que opina: «Penso que o HematoFesti está formulado desde esta postura reivindicativa». De feito, toda a xornada do sábado 9 está dedicada a falar de literatura infantil, con autores convidados como **Sara Cano, Antonio Manuel Fraga, María Lado, María Solar** ou o citado Arboleda. Este último, Premio Nacional de Literatura infantil e xuvenil de España en 2014 —un ano despois gañaríao Leticia Costas— e asistente habitual a este tipo de eventos, móstrase abraiado coa «potencia e a variedade» da programación.

Neste aspecto, a escritora e xestora cultural **Eva Mejuto**, que participa no evento tanto de xurado como de moderadora e relatora, resalta a aposta deste novo festival por ter unha programación de calidade para o público infantil, xa que considera que en moitas ocasións faise dunha maneira moi laxa, pensando máis en que as familias teñan un sitio onde ter arrombados os nenos mentres os adultos se divirten. «O que máis valoro do HematoFesti é que pon a infancia no centro, considerándoa un público de calidade que merece todo o respecto», resume a autora.

Caracuchos

Sabor a chorros

EN PLENA MILLA DE OURO dos bocadillos, con carta e decoración idénticas ao orixinal, a hamburguesería **CARACUCHOS** abre un segundo local no centro da cidade; ao emprazamento da rúa de Sevilla súmase un novo restaurante na rúa do Canceleiro, despois de tres anos de esforzo. **Carlos** e **Lisa** esconden unha filosofía baseada na calidade dos ingredientes, a innovación e, sobre todo, a diversión detrás de cada bocado.



A carta é ampla, orixinal e atrevida. A carne, protagonista indiscutible das hamburguesas, é de vaca galega, cunha mestura propia de carne madurada e fresca nunha proporción do cincuenta por cento. Unha combinación que garante unha hamburguesa zumarenta, saborosa e cun punto de intensidade equilibrado. Outro dos signos de identidade de Caracuchos é o pan, elaborado artesanalmente cunha textura lixeiramente doce que contrasta co sabor intenso da carne. O resto de ingredientes son sempre frescos e elaborados cada día na cociña do local. Entre a variedade de hamburguesas que ofrece Caracuchos, destaca «La Chiqui», galardoada como a terceira mellor hamburguesa de Galicia no 2023. Leva dúas hamburguesas de vaca vella, beicon afumado, queixo provolone, cebola crocante e salsa de Jack Daniel's. Se falamos de galardóns tamén debemos mencionar «La Rosé» que este ano acadou a segunda posición

no Burger Combat Regional. Pero se hai unha hamburguesa que seduce a clientela e repercute nas redes sociais é a «Burger 4 quesos». Esta pegañosa delicia culinaria, só apta para persoas de moi bo dente, leva 200 gramos de carne, beicon, queixo Cheddar, queixo Tetilla, queixo de Pesto Verde, todo bañado con salsa de catro queixos. O prato vén acompañado dunhas luvas para que o comensal poida gozar dunha experiencia gastronómica moi particular. Tamén chaman a atención as «Sugar Burgers», tres hamburguesas cun toque doce que só se serven no local durante as fins de semana. Unha vén en pan de dónut, outra entre gofres e a terceira é unha mestura alucinante que combina carne, salsa barbacoa afumada, pementos xalapeños e unha cobertura de chocolate branco e galleta Oreo.

O nome do local procede do termo que popularmente se utiliza para denominar a xente que nace da unión de alguén de Caracas con alguén de Maracaibo. Venezuela é o país de orixe dos donos do local, cuxa gastronomía tamén ten cabida na carta. Para os máis lambóns se serven tequeños en versión doce, recheos de chocolate ou doce de leite, que son a opción perfecta para rematar un xantar digno de pecado.



→ Rúa de Sevilla, 12; rúa do Canceleiro, 5
→ caracuchos.es → [@caracuchos_furiousfood](https://www.instagram.com/caracuchos_furiousfood)



Embutidos Lalinense

Cocido galego

Coa baixada das temperaturas volve a tempada dos pratos de culler e das comidas máis opíparas e, sen dúbida, un dos pratos estrela desta época é o cocido. A elaboración esixe máis tempo que destreza e a chave está na calidade das materias primas.

INGREDIENTES

- Chourizos (4 unidades)
- Costela de tira
- Espiñazo
- Fociño
- Lacón duroc afumado
- Orella
- Pezuño
- Rabo
- Touciño entrefebrado
- Garavanzos (300 gramos)
- Patacas medianas (6 unidades)
- Verza ou repolo (1 unidade)

ELABORACIÓN

Poñemos a tira de costela, o espiñazo, o fociño, a orella, o pezuño e o rabo de porco a desalgar en auga fría durante 24 horas, cambiando a auga cada oito horas aproximadamente. Noutro recipiente, poñemos os garavanzos de remollo durante 12 horas. Pasado ese tempo, cocemos en auga o lacón e as carnes desalgadas, retiramos a espuma e cocinamos a lume maino, durante dúas horas ou dúas horas e media. Transcorrida a primeira hora engadimos os garavanzos, os chourizos e o touciño entrefebrado. Na última media hora, engadimos as patacas peladas e a verza lavada e cortada. Para servir, colocamos nunha bandexa a carne, e noutra os vexetais. Reservamos a auga da cocción para elaborar

un saboroso caldo ou sopa que podemos poñer como entrante para quecer a barriga e abrir o apetito. A sobremesa ideal para este prato tan sobranceiro é o queixo cremoso con marmelo artesán que inclúe o «kit antimorriña» especial para cocido de Embutidos Lalinense.



Escanea o código QR para acceder ao vídeo da receita en amovida.gal



EMBUTIDOS LALINENSE

Desde 1949, esta empresa familiar presume de orixe levando por todo o país o xentilicio da comarca de Lalín, corazón da industria agroalimentaria galega. Entre os produtos que se ofrecen a través da súa tenda en liña atopamos o «kit antimorriña» que inclúe todos os produtos cárnicos necesarios para elaborar un bo cocido galego, que se pode recibir no punto xeográfico que escollamos. Se preferimos a compra presencial, os produtos desta firma están dispoñibles en numerosos puntos da nosa cidade, como Almacenes González, La despensa de Clara as charcuterías Charo y Lila, El Rincón del Jamón, Vanesa e Vazey.



SWING ON THE DAY



A escola de danza máis inquieta da cidade, Swing On, celebra o décimo segundo aniversario con música, baile e moitas sorpresas.

→ Sábado 9, das 12:00 ás 18:00 h
→ Caixa de Ritmos → Gratis



ARTES MARCIAIS E TAI CHI



Obradoiro de aplicación de artes marciais aos movementos de Tai Chi.

→ Sábado 9h → Centro Raíces → 25,00 €



MERCADO RECICLADO



Mercado de roupa *vintage* e segunda man como alternativa sostible ao ultracomercial Black Friday.

→ Sábado 9 das 17:00 ás 22:00 h;
domingo 10, das 16:00 ás 21:00 h
→ Simia Coworking → Gratis



PRESENTACIÓN: 'EL MIEDO'



A ilustradora María Hesse presenta un libro no que se pregunta pola orixe dos medos e por como se poden exorcizar.

→ Xoves 21 → Galería Maraca → Gratis



PROXECCIÓN: 'LUCRECIA'



Sinrahocu, sindicato de traballadoras do fogar e os coidados, presenta un documental.

→ Venres 22 ás 19:00 h → A Moradaa
→ Gratis

por Estela Gómez



PEQUENOS GRANDES LECTORES

Para encher a sociedade de lectores adultos, primeiro teremos que enchela de lectores infantís. Os máis pequenos da casa son un público exixente e en **TRIQUETA EDITORA** sábeno ben, por iso esta editorial toma moi en serio a literatura infantil, que implica colorido, diversión e xogo. Os catro piares desta editorial con selo de calidade vigués son **Victor Mascato** (dirección e edición), **Laura Losada** (maquetaxe), **Iván R. Castro** (dirección creativa e edición) e **Marisol Mascato** (administración). No ano 2010 decidíronse a revolucionar o mundo do libro infantil. En galego, español e catalán, no seu catálogo atopamos lobos bos, aprendemos a debuxar un pato, coñecemos a un burro e mesmo falamos con superheroes e dinosauros.

Triqueta Editora trata con agarimo o texto, o debuxo e a edición para que desde calquera idade se poida acceder a libros de calidade. Ademais, o catálogo é tamén unha invitación para que os adultos volvan á infancia. Anímate a gozar de títulos como *Federico*, de **Jesús Castro** e **Iván R.**, e verás que a literatura infantil non entende de idades.




→ triquetaverde.com → @triqueta_editora



ROBE
SÁBADO 9
IFEVI

Na xira *Ni santos ni inocentes*, o exlíder de **Extremoduro** presenta o seu último traballo, *Se nos lleva el aire*, e repasa cancións do seu repertorio histórico.

→ 21:00 h → Desde 42,00 €



¡POR FIN JUNTOS!
VENRES 15
TEATRO AFUNDACIÓN

Facu Díaz e **Miguel Maldonado** nunca deixaron de estar xuntos, pero así decidiron bautizar o novo espectáculo co percorren España de cabo a rabo.

→ 18:30 h e 21:00 h → Desde 15,80 €



CARLOS SADNESS
SÁBADO 16 TEATRO AFUNDACIÓN

Os sons tropicais do artista catalán chegan ao *hall* do auditorio vigués grazas ao ciclo «Momentos Alhambra Acustiquísimos».

→ 21:30 h → Desde 20,00 €



NON PASARÁN
SÁBADO 23
E DOMINGO 24
SALA ÁRTIKA

Proxecto teatral dirixido por **Tito Asorey** que nace para dar unha resposta creativa ao crecemento de movementos antidemocráticos.

→ 21:30 h → Desde 20,00 €

CEIBE
SÁBADO 23 AUDITORIO DO CONCELLO

A compañía de danza de **Fran Sieira** presenta unha peza contemporánea que investiga a relación entre o xénero e a tradición.

→ 20:00 h → Desde 8,00 €

-DES-APARECER
VEN 29, SÁB 30 E DOM 1 TEATRO ENSALLE

A danza de **Lucía Marote** serve para poñer o ramo ao XIX Festival Catropezas.


→ 20:00 h → Desde 10,00 €

NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL
PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS
MOITOS EVENTOS EN VIGO.



LOCAIS RECOMENDADOS

-  CAFÉS
-  COMERCIO
-  CONCERTOS
-  COPAS
-  ESPECTÁCULOS
-  FORMACIÓN
-  GASTRO





- 1 **A CASA DE ARRIBA** *Martín Códax, 23*
- 2 **A MORADA** *Enrique Mañas, 6*
- 3 **ALBATROS** *Peirao de Transatlánticos, s/n*
- 4 **ÁRTIKA** *Beiramar, 113*
- 5 **CAIXA DE RITMOS** *Canellón dos Caños, 9*
- 6 **CAÑAVERAL** *Porta do Sol, 6*
- 7 **CIUDAD AVENTURA** *Teixugueiras, 19, interior*
- 8 **DOPPLER, SALA** *Martín Códax, 21*
- 9 **EL TRIGAL, PANADERÍA**
Alexandre Bóveda, 1 e A Sede do Celta: Príncipe, 44
- 10 **FELICETTA GUALTIERI** *Alfonso XIII, 9*
- 11 **FLAMINGOS VINTAGE KILO** *Doutor Cadaval, 21*
- 12 **GALERÍA MARACA** *Doutor Cadaval, 12*
- 13 **KENGURU** *Avenida do Rebullón, 22 - Mos*
- 14 **KIDS & US** *Xirona, 8 e Urzaiz, 108*
- 15 **LA CONTENEDORA** *Eduardo Iglesias, 11*
- 16 **LA TITARIVERA** *Praza de Compostela, 17*
- 17 **LE MARCHÉ DE RACHEL** *Carral, 15*
- 18 **LIBROURO** *Eduardo Iglesias, 12*
- 19 **MÁIS PALÁ** *Manuel Núñez, 18*
- 20 **MAPIS** *Pizarro, 47*
- 21 **MORRIÑA SHOP** *Praza da Pedra, 5*
- 22 **O LAR DAS ARTES** *Ribelas, 60*
- 23 **PRIMAVERA, BAR** *Ronda de Don Bosco, 17*
- 24 **PURO DELIRIO** *Teófilo Llorente, 43*
- 25 **RATALOKA TATTOO** *Camelias, 22*
- 26 **REBULLÓN, SALA** *Avenida do Rebullón, 23 - Mos*
- 27 **SALA KOMINSKY** *Irmandiños, 3*
- 28 **SR. NILSSON** *Triunfo, 2*
- 29 **SUKHA FUNK** *Enrique Mañas, 6*
- 30 **TEATRO ENSALLE** *Chile, 15*
- 31 **THE MONK PUB** *Serafín Avendaño, 12*
- 32 **TU CENTRO RAÍCES** *Tomás A. Alonso, 162, 2.º of. 7*
- 33 **VAIDHĚ** *Carral, 7*
- 34 **VITRUVIA** *Praza de Compostela, 5*
- 35 **WOODTOWN** *Camelias, 20*



→ Para máis info sobre os locais recomendados visita amovida.gal/locais-recomendados



Musicav, un cóctel sonoro ideal para o outono

NA ACTUALIDADE, TANTO O JAZZ

como a música clásica son xéneros minoritarios. Pero non sempre foi así: as dúas correntes gozaron de enorme popularidade ás dúas beiras do Atlántico durante décadas en séculos pasados. Hai quen mantén unha fe cega nestas músicas e pensa que, presentadas de xeito apropiado, poden interesar a gran parte da cidadanía. É o caso de **Javier Ferreiro**, xerente de Vitruvia Café — un dos locais que máis avogan por manter vivas as chamadas destes dous xéneros na nosa contorna— e director do ciclo Musicav, cuxa segunda edición se programa no auditorio do Teatro Afundación os días 5, 6, 12 e 13, os dous primeiros martes e mércores deste mes de santos.

Melómano empedernido, a experiencia como programador semanal do devandito café da praza de Compostela e os últimos veráns do festival Vigo Jazz-Class son o mellor aval de Ferreiro: «O outono é unha época estupenda

para este tipo de festivais, no que mesturamos música clásica e jazz con gran presenza de músicos galegos». A programación é ben variada: arranca o martes 5 con «Corriente del Golfo», unha agrupación de dez artistas galegos e cubanos que ofrecen o mellor jazz latino; o mércores 6 é a quenda do percorrido cronolóxico «De Bach a Glass», que reúne catro grandes intérpretes de música clásica nun repertorio que inclúe a **Bach, Beethoven, Chaikovskii, Paganini** e **Shumann**; o martes 12 toca bailar nas butacas grazas ao swing contaxioso do trío do carballiñés **Alfonso Medela**, unha selección de estándares eléctricos da man de tres reputados músicos; e, para rematar, o mércores 13 cine e música fan bo xugo coa sonorización en directo do gran filme clásico *The General* (Buster Keaton, 1926) a mans da formación local **Caspervek**. Un dos factores que máis chamou a atención do público na primeira edición foi o coidado do apartado estético. «Cando



Javier Ferreiro





escoitas música na casa, tratas de buscar un ambiente cómodo, e iso mesmo é o que queremos facer no teatro: que o público se sinta coma na casa», afirma Javier.

Esa filosofía tamén se leva a cabo no café Vitruvia, desde un cómodo e elegante mobiliario ata un fío musical seleccionado con agarimo. O director do festival reconece que o público deste tipo de propostas adoita ser de idade veterana, polo que ve urxente traballar na remuda xeracional. «As administracións teñen unha gran responsabilidade na educación infantil; a cultura musical, non só na escola, deixa moito que desexar. A música clásica e o jazz tamén están feitas para que a rapazada disfrute», apunta Ferreiro. Pensa que, apoiando este tipo de iniciativas culturais, aínda que non sexan masivas, os entes públicos axudan a crear unha sociedade mellor, máis crítica e con máis sensibilidade. «Ninguén perde, gañamos todos», resume. Música minoritaria nun espazo de gran capacidade con pouca marxe de tempo e sen apoio institucional de ningún tipo: levar adiante a primeira edición non foi unha tarefa doada. Javier reconece que o amor pola música é o motor que o mantén en movemento. «Xa que a música me deu tanto, que podo facer eu por ela? Se algo me gusta máis que a propia música é ver como a xente goza dela». E conclúe: «Cando alguén me felicita pola programación, éncheme o depósito».

PROGRAMA

- Martes 5, «Corriente del Golfo»
 - Mércores 6, «De Bach a Glass»
 - Martes 12, Alfonso Medela Trío
 - Mércores 13, Caspervek: «The General»
- Ás 20:30 no Auditorio do Teatro Afundación
 → Entradas individuais: 15,00 €
 → Abono polos catro concertos: 50,00 €
 → Á venda en ataquilla.com



Corriente del Golfo

Anxo Cabaluz



Paula Diz, «De Bach a Glass»

Crista Fernandez



Alfonso Medela Trío



Caspervek



A CASA DE ARRIBA

Rúa de Martín Códax, 23

- Xoves 7 e 21 → 21:30 h → 5,00 € → **Jam de blues**
 Venres 8 → 21:30 h → 5,00 € → **Alberto Cunha: «35 años dando el cante»**
 Sábado 9 → 21:30 h → 10,00 € → **Moon Cresta**
 Sábado 16 → 21:30 h → 5,00 € → **Juan Castro**
 Venres 22 → 21:30 h → 8,00 € → **Iago Banet**
 Mércores 27 → 21:30 h → 8,00 € → **Tim Holehouse & Lewis Mckale**
 Sábado 30 → 20:00 h → 7,00 € → **Irmaus da Raia Seca**

DOPPLER

Rúa de Martín Codax, 21

- Sábado 9 → 21:30 h → 12,00 € → **Slappy**
 Venres 15 → 21:30 h → 15,00 € → **San Tosielo**
 Venres 22 → 21:30 h → 15,00 € → **Huda**
 Venres 29 → 21:30 h → 15,00 € → **El Coleta**
 Sábado 30 → 00:00 h → Gratis → **Presentación Xara Fest, con DJ Baby Romeo**

REBULLÓN

Avenida do Rebullón, 23. Tameiga, Mos

- Venres 8 → 22:00 h → 15,00 € / 18,00 € → **Dirty Sound Magnet**
 Sábado 9 → 18:00 h → Gratis → **Magosto: Os Monifates + Xiada Gaiteiros + A Cantadeira + Saraghallada + Omiri**
 Mércores 13 → 19:00 h → 30,00 € → **Evergrey + Klogr + Virtual Symmetry**
 Venres 15 e sábado 16 → **Festival Salvamontes: Tiam gz + Flow do Toxo + O Leo de Matamá + Sun Iou + Ruxe Ruxe**
 Sábado 23 → **Terreiras**
 Sábado 30 → **Os Residuos Atractivas + Os Vacalouras + As Darbucas D'Acolá**

**NA AXENDA DE AMOVIDA.GAL
 PODES CONSULTAR ESTES E OUTROS
 MOITOS CONCERTOS EN VIGO.**

KOMINSKY

Rúa dos Irmandiños, 3

- Sábado 9 → 21:00 h → 12,00 € → **Divine Sentence + Faced Out + Xderradeiro + NivelX**
 Xoves 14 → 22:00 h → **Fritanga Sessions + jam**
 Venres 15 → 21:00 h → 10,00 € → **Daydream Sessions + jam**
 Sábado 16 → 21:00 h → 7,00 € → **Why not + Treewax + Lil Polbo á Feira**
 Xoves 21 → 22:00 h → 5,00 € → **Maxia con Iago Saavedra**
 Sábado 23 → 21:00 h → 8,00 € / 10,00 € → **Seitura + Prosmas**
 Xoves 28 → **Concerto + foliada**
 Venres 29 → 22:00 h → 13,00 € → **Axolotes Mexicanos**
 Sábado 30 → 21:30 h → 7,00 € → **Lluvia + Pablo Wilson + Swic**

O LAR DAS ARTES

Rúa das Ribelas, 60, baixo esquerda

- Venres 1, 8, 15, 22 e 29 → 21:30 h → Gratis → **Mario Argüello**
 Domingo 3 → 12:30 h → Gratis (primera consumición 4,00 €) → **Adolfo FH**
 Domingo 10 → 12:30 h → Gratis (primera consumición 4,00 €) → **O Leo de Matamá**
 Domingo 24 → 12:00 h → Gratis (primera consumición 4,00 €) → **Diana Tarín e Edel Orta**

THE MONK PUB

Rúa de Serafin Avendaño, 12

- Xoves 7 e 21 → 22:00 h → Billeiteira inversa → **Groliada: acústico de Groló + foliada**
 Xoves 14 → 22:00 h → Billeiteira inversa → **Skivrilisband: sesión de folk irlandés + jam**
 Sábado 16 → 21:30 h → Billeiteira inversa → **Su-Min**
 Xoves 28 → 22:00 h → Billeiteira inversa → **Diada**
 Sábado 30 → 21:30 h → Billeiteira inversa → **O Leo de Matamá**



¿Quieres ser amigo de Digna?

1. Completa el formulario
2. Recibe una carta de un niño o niña, con detalles sobre quién es, su comportamiento durante el año y un dibujo.
3. Conoce el regalo que desean y tres opciones para facilitarte la elección.



ESCANEA A DIGNA Y SIGUE LOS PASOS!





UNHA BRUXA DESAPARECIDA

As bruxas foron desde sempre mulleres con moito misterio detrás. **Andrea García Martínez** leva esa idea ao extremo e sorpréndenos coa historia en que unha bruxa chamada Esperpenta desaparece. A partir de aí a súa irmá Espertina canda un grupo de amigos moi cuquiños seguen os seus pasos ba-seándose nun misterio que, lonxe de dar medo, fan que escachemos coa risa. *Esperpenta e Espertina* é unha obra para calquera idade que nos aprende sobre moitas figuras e costumes galegos.

→ *Esperpenta e Espertina* → Andrea García Martínez → Beatriz Castro (ilustración)
→ Cumio → 81 páxinas



O CAPITALISMO DEPREDADOR

Volve **Manuel Rivas**, o francotirador de palabras. *Tras do ceo* ábrese cunha cita de **Paco Ignacio Taibo** na que xa se indica o que será a novela: unha análise da sociedade a través do xénero negro. Baixo o paraugas dunha novela negra, pero que é moito máis, preséntasenos a oposición de dous mundos, o do capitalismo devorador e o das persoas soñadoras e utópicas; no medio, as vítimas inocentes que se limitan a sobrevivir, que non é pouco. Cun estilo abafante, estamos diante dunha lectura que proe, que nos remove e incita a loitar.

→ *Tras do ceo* → Manuel Rivas → Xerais → 216 páxinas



COIDAR DE QUEN TE COIDOU

Ao abeiro do título *Os corpos fráxiles*, **Sofía Ruvira** constrúe un relato emocionante de amor pola avoa, un amor que se mestura co agradecemento e coa admiración por unha muller que agora ten 92 anos e que marcou fundamente a súa infancia. O libro tamén fala do desarraigamento que se pode sentir no lugar de orixe e o sentimento por aquel lugar ao que chegas, esa sensación de querer cumprir os teus soños e, asemade, ter que renunciar a estar cos seres queridos; sempre lonxe de alguén ou de algo.

→ *Os corpos fráxiles* → Sofía Ruvira → Aira → 88 páxinas



#PuroDeleite

Elite Barber Shop

Tradición e modernidade

Entramos nun local luminoso, cun par de sofás moi cómodos no recibidor, onde predominan as cores negras e douradas. Á esquerda, unha mesa de billar con tapete azul; de fronte, unha neveiriña con bebidas. Soa música *chill out*. Non estamos nun bar, senón en **ELITE BARBER SHOP**, un salón de peiteado masculino situado na Gran Vía que abriu as portas o pasado mes de marzo.



O obxectivo dos seus xerentes, **Ángel Alberto** e **David Prado**, é que ao cruzar a porta os clientes se sintan coma na casa. Todos estes elementos fan que acudir a este salón sexa máis unha experiencia de autocoidado e socialización que unha mera cuestión estética que cómpre facer cada certo tempo. A realidade é que nos últimos anos asistimos a un cambio de concepción no ámbito das barberías: a desaparición de tabús que relacionaban os salóns de peiteado só coas mulleres, a maior conciencia da propia imaxe, a especialización destes espazos e o ambiente disdindido fan que, segundo sinala Ángel, agora os homes acudan quincenalmente no canto de unha vez ao mes.

Nenos e maiores son moi ben recibidos en Elite Barber Shop cuns prezos moi axustados. As peticións máis habituais son os degradados, os arranxos da barba, as decoloracións e as mechas, ademais de cortes de deseño para os máis atrevidos. Incluíse no prezo de cada corte a auga, o café ou a cervexa que se lles ofrece a cada cliente nada máis entrar. Os amentados barbeiros non escatiman en detalles: dedícanlle sobre media hora a cada usuario, utilizando unha boa variedade en máquinas de afeitar, navallas, peites, tesoiras e todo tipo de produtos para o pelo. A busca dos estilos máis modernos non está en guerra coa tradición. A navalla, tan habitual hai décadas, volveu para rasurar con precisión e de xeito duradeiro tanto barba como cabelo. Unha experiencia de elite.



- Avenida da Gran Vía, 152 → 986 00 15 08
- Reservas: [elitebarbershop100.booksy.com](https://www.elitebarbershop100.booksy.com)
- [@elitebarbershop.vigo](https://www.instagram.com/elitebarbershop.vigo)

a Neonidina

NEONIA, LUCES DA CIDADE INVICTA



No corazón do Porto sitúase Neonia, un antimuseo que mostra como nunca antes a cidade invicta. Os impulsores deste espazo interactivo de 1.500 metros cadrados propoñen coñecer o lugar que lle deu seu nome a Portugal a través de proxeccións, sons e xogos de luz con cores vibrantes; unha visión retrofuturista baixo un filtro *cyberpunk*. Inspirándose en espazos coma o TeamLab Borderless de Tokio, os creadores de Neonia son os primeiros en ofrecer nestes lares unha inmersión sensitiva que toma o nome das protagonistas luces de neon.

A visita transcorre a través de 19 salas nas que artistas portugueses e internacionais recrearon espazos icónicos e momentos históricos da cidade lusa. É posible visitar o extinto Cine Águia D'Ouro para revivir como dous escaladores subiron ao cumio da Torre dos Clérigos, visitar por dentro o Mercado do Bolhao, simular unha viaxe nun

vagón de metro do Porto ou perderse nunha viaxe polas viñas do Douro ata chegar ás bodegas onde se elabora o viño. Unha pasaxe entre o pasado e o futuro explorando unha metrópole que ten tanto de real como de fantasía. A actividade ten unha duración estimada de entre unha hora e unha hora e media, aínda que cada visitante pode facer a visita ao seu ritmo. Este peculiar museo interactivo, que engaiola nenos e maiores, está aberto os sete días da semana desde as dez da mañá ata as nove da noite, arrancando o último pase ás sete e media da tarde (hora portuguesa). Dada a afluencia de público, a organización de Neonia recomenda reservar as entradas con antelación a través da web. Unha visita á República Portuguesa que promete ser unha aventura para os sentidos.

→ rúa de Ceuta, 116 (O Porto) → +351 22 326 9500
→ neonia.com → [@neoniaporto](https://www.instagram.com/neoniaporto)






axenda

KENGURU

Actividades para meniños, proxenitores ou mesmo mulleres embarazadas desde o veciño concello de Mos.

- * Venres 1. «Taller sensorial de Halloween» (11:00 h, de 0 a 5 anos).
- * Sábado 9. «Arte fluorescente» (11:00 h, de 9 meses a 5 anos).
- * Domingo 10. «Taller de música: El Circo» (11:00 h, de 0 a 5 anos).
- * Sábado 16. «Taller de música de outono» (17:00 h, de 0 a 5 anos).
- * Sábado 23. «A maxia da fluorescencia» (17:30 h, de 0 a 3 anos).
- * Domingo 24. «Psicodanza en familia» (11:00 h, de 3 a 99 anos).
- * Sábado 30. «Escola de familias, con Rocío Álvarez» (11:00 h, para adultos).



VIALIA

- * Martes 5. «Slime con purpurina» (17:30 h, en Vigo Exporta).
- * Martes 12. «Baile moderno» (17:30 h, en Vigo Exporta).
- * Sábado 16. «Pícnic» (17:30 h, en Vigo Exporta).
- * Martes 19. «Contacontos: "O polo Pepe"» (17:30 h, en Vigo Exporta).
- * Sábado 23. «Os contos de William Shakespeare» (17:30 h, en Vigo Exporta).
- * Martes 26. «Costura» (17:30 h, en Vigo Exporta).
- * Sábado 30. «Carapuchiña no faiado» (17:30 h, en Vigo Exporta).

CIUDAD AVENTURA

- * Domingo 10. «Obradoiro creativo de candeas en familia» (11:30 h, 21,00 €).
- * Domingo 17. «Círculo de bordadoras» (10:00 h, 10,00 €).
- * Domingo 24. «Xoiería creativa» (12:30 h, 20,00 €).

ATÍPICO CIRCO

Un espazo de diversión e aprendizaxe para que nenos e maiores poñan a proba as súas habilidades, practicando malabares, equilibrio e acrobacias. Prezo de 25,00 € para un adulto máis un neno, cada persoa a maiores 5,00 € máis.

- * Sábados 2 e 23, ás 12:00 h. A Talangreira do Beque (A Fraga, Moaña).
- * Sábados 9 e 16, ás 12:00 h. IES da Carrasqueira (Coruxo, Vigo).



EL SHOW DE BLUEY

Adaptación teatral da célebre serie de animación australiana *Bluey*, gañadora dun premio Emmy. A través deste espectáculo, pódese ver a cadelinha Bluey canda a familia que sempre a acompaña nas súas aventuras do outro lado do mundo... e da pantalla.

→ Sábado 9, ás 12:00, ás 16:00 e ás 19:00 h; domingo 10, ás 12:00 e ás 16:00 h

→ Auditorio Mar de Vigo

→ Desde 36,30 € → Para todos os públicos



MÍMESIS

Este espectáculo de danza concíbese como un ritual escénico iniciático que constrúe un ecosistema escénico para que sexa habitado e compartido entre os intérpretes e as familias da primeira infancia.

→ Domingo 10, ás 12:00, ás 16:30 e ás 18:00 h

→ Auditorio Municipal do Concello

→ 5,00 € → Espectáculo para bebés

KYOKI

A través da linguaxe xestual, o espectáculo aborda as temáticas do esquecemento, a soidade e a vellez.

→ Domingo 24, ás 18:00 h

→ Auditorio Municipal do Concello

→ 5,00 € → A partir dos 5 anos

MONKEY PARK, XOGOS SALVAXES

Un oasis verde aberto á aventura é o que ofrece Monkey Park, con senllos espazos nos municipios de Braga e Esposende. Estes dous parques da Rexión Norte de Portugal contan con cabanas nas árbores, un circuíto de *karting*, paredes de escalada, paseos arbóreos, patíns de pedais, tobogáns, trampolíns, xogos educativos e mesmo unha aldea hobbit.

Co coñecemento adquirido durante 13 anos dedicados a realizar proxectos de aventura ao longo de Portugal, os impulsores de Monkey Park decidiron abrir estas dúas sucursais que reciben desde pequerrechos de dous anos ata rapaces de 14, con actividades propias para cada idade. Aqueles aventureiros que queiran xogar a investigar teñen a posibilidade de realizar un xogo de escape. Ademais das visitas individuais,

ofrécese a posibilidade de celebrar aniversarios nestas instalacións, onde tamén se acollen visitas escolares ou de asociacións, pero sempre baixo reserva. Un parque para brincar como macacos.



→ rúa da Fábrica, 70 (Esposende);
rúa da Irmá Lúcia, lugar da Formigueira (Braga)
→ monkeypark.pt → [@monkeypark_](https://www.instagram.com/monkeypark_)



Beldade

Cociña de autora en Tui

A proposta gastronómica da cociñeira **Inma López** é unha oda aos produtos de temporada, con especial énfase nos froitos do mar. Un xénero fresquísimos con elaboracións de alta cociña que resulta en pratos sorprendentes, orixinais e únicos. «A nosa esencia é ser atrevidas e aventureiras», explica **Paola Giraldo**, socia e xefa de sala; dúas cualidades que están no xermolo do restaurante **BELDADE**.

A carta de Beldade organízase ao redor de tres menús degustación pechados, que evolucionan cada tres ou catro meses. Un menú de oito pases e outro de dez, que comparten a maioría dos pratos, e máis un terceiro menú sorpresa. Os pratos son pequenos, moi ben presentado e integran varias elaboracións. Trátase de menús pensados para abordar con tempo e a mesma actitude aventureira que desprenden as súas propietarias. Escumas lixeiras, cremas suaves, xelatinas delicadas, texturas crocantes e picados refrescantes combínanse con fondos elaborados con tempo e esmero e preparacións con máis arraigo como os escabeches caseiros. A cociñeira, que aprendeu nos fogóns de varios restaurantes de renome de España e Inglaterra, como boa valenciana, confésase como unha grande amante dos arroces, polo que sempre inclúe algunha referencia arroceira nos seus menús. Nestes momentos, ofrece un arroz con cenoria, coco e anguía do



Delta do Ebro. Outro dos sinais de identidade da cociña de Inma é a mestura de elementos doces e salgados, tanto nos pratos principais coma nas sobremesas. Exemplos disto son o arroz con coco, a lingua de vaca con mango, ou o picado de remolacha con mousse de queixo azul.

A bodega está nas mans de Paola, encargada de casar os pratos cos mellores caldos. Aínda que

Tui se abrangue na subzona do Rosal da Denominación de Orixe Rías Baixas, esta *sommelier* sorpréndenos cunha selección moi extensa e variada de máis de cen referencias de viño, con moitas botellas internacionais que varía en función do menú. Ademais de ser unha boa nova para os amantes da boa mesa, Beldade supuxo un fito que nos últimos anos sinalou o con-

cello de Tui como destino gastronómico ao ser o primeiro restaurante deste municipio en se incluír na célebre guía Michelin.

- **Lugar:** Remesal, 9 (Tui).
- **Distancia desde Vigo:** 32 quilómetros (aprox.).
- **Prezo:** entre 29,00 € e 49,00 € por persoa (aprox.).
- **Arredores a visitar:** a Catedral de Santa María, o Paseo Fluvial, a xudería ou os próximos concellos de Goián e Valença.
- **Información e reservas:** 986 14 98 08
restaurantebeldade.com • [@beldade_tui](https://www.instagram.com/beldade_tui)



ONDAS DO MAR DE VIGO



ADELAIDA BRANDON

[@adelaida.brandon](https://www.instagram.com/adelaida.brandon)

Universidade de Vigo

Participa! Envía a túa obra (fotografía, ilustración, poema, relato, viñeta etc.) a revista@amovida.gal
Consulta as bases en amovida.gal/as-tuas-movidas

SACA A LINGUA QUE LEVAS DENTRO

Porque teñas a idade que teñas,
en galego tes moito que dicir.

E cando o usas para xogar, para aprender ou para descubrir o mundo, non só medras ti: tamén fas que medre unha lingua que di moito de nós.



XUNTA
DE GALICIA